



CIRCULAR 01-2020.

XXXI CAMPIONATO DE GALICIA DE PROBAS COMBINADAS SUB16, SUB18, SUB20, SUB23, ABSOLUTO E MÁSTER DE PISTA CUBERTA.

- A todas as Delegacións da FGA
- A todos/as os/as asembleístas
- A todos os clubs galegos con licenza vixente
- A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente
- A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente

Art.1) A Federación Galega de Atletismo organiza o **XXXI Campionato de Galicia de probas combinadas Sub16, sub18, Sub20, Sub23, Absoluto e Máster o 18 e 19 de xaneiro** na pista cuberta de Ourense en Expourense.

Art.2) Poderán intervir todos/as aqueles/as atletas das categorías Sub16, Sub18, Sub20, Sub23, Absoluto e Máster situados entre os 8 primeiros/as (12 primeiros/as na categoría sub16) do ranking galego da tempada 2018-2019 e/ou 2020 e que se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2020) por algún Club pertencente a Galicia.
 2. Atletas con ficha pola F.G.A. aínda que pertenczan a Clubs doutras Comunidades Autónomas.
 3. Atletas non galegos/as convidados/as expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións.
- *Segundo acordo da Asemblea, nos campionatos de probas combinadas só poden participar atletas que acrediten rexistros no 40% das probas que compoñan á combinada na que participen, e dentro de eses rexistros exista unha proba de carreira, unha proba de salto e unha proba de lanzamento.*

Art.3) As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) **ata as 20:00 horas do martes 14 de xaneiro do 2019**. Unha vez rematado o prazo ordinario de inscrición abrirase outra pasarela para poder facer inscricións fóra de prazo ata o xoves ás 14:00. O director técnico determinará cales delas se aceptan en función do horario e da posible repesca de atletas. Multa por fóra de prazo de 3 euros.

Art.4) Os/as tres primeiros/as atletas clasificados/as de cada categoría do Campionato recibirán unha medalla conmemorativa do campionato, sendo de obrigado cumprimento acudir ao protocolo de premiacións. Caso contrario, non se fará entrega da medalla.

Art.5) Os atletas deberán utilizar o dorsal de forma totalmente visible en toda a súa superficie no peito, agás nos saltos que poderán levalo por diante ou nas costas. O incumprimento desta norma será motivo de descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.



Art.6) O horario provisional do Campionato:

SÁBADO 18/01/2020		
XORNADA DE TARDE		
Grupo 1 Hexathlon Sub16/Pentathlon Máster Masculino		
60	16:00	
60v	16:10	M35-M45
60v	16:15	M50 o +
Lonxitude	16:40	
Peso	18:00	
Altura	19:15	Colchoneta A
1000	20:30	Máster
PREMIACIÓN MÁSTER		
Grupo 2 Heptathlon Masculino Sub18/Sub20/Sub23/Absoluto		
60	17:00	
Lonxitude	17:45	
Peso	19:00	
Altura	20:15	Colchoneta B
DOMINGO 19/01/2020		
XORNADA DE MAÑÁ		
Grupos 1 e 2 Hexathlon/Heptathlon Masculino		
60v	11:00	Absoluto
60v	11:05	Sub20
60v	11:10	Sub18
Pértega	12:00	
60v	12:00	Sub16
1000	13:00	Sub16
1000	14:00	Sub18/Sub20/Sub23/Absoluto
Grupo 1 Pentathlon Feminino Sub 16		
60v	10:00	
Altura	10:40	Colchoneta A/B
Peso	12:20	
Lonxitude	13:30	
600	14:40	
Grupo 2 Pentathlon Sub18, Sub20, Senior, Máster		
60v	11:10	
Altura	11:50	Colchonetas A/B
Peso	13:20	
Lonxitude	14:30	
800	15:30	

* O horario só é orientativo.

* Os grupos confeccionaranse en función das inscricións

Cadencia dos listóns no Salto de Altura:

Homes Grupo 1: A máis baixa solicitada de 6 en 6cm. ata 1,40m + 3cm.

Homes Grupo 2: A máis baixa solicitada de 6 en 6cm. atáa1,50m + 3cm.



Mulleres Colchoneta "A": A máis baixa solicitada de 6 en 6cm. ata 1,28m + 3cm.
Mulleres Colchoneta "B": A máis baixa solicitada de 6 en 6cm. ata 1,37m + 3cm.

Cadencia dos listóns no Salto con Pértega:

A máis baixa solicitada de 30 en 30cm.ata 2,30m. + 20cm ata 3m. +10cm.

Art.7) Nos Campionatos de Galicia Individuais e por clubs, por acordo da Asemblea Xeral do 28 de decembro do 2019, a partir do 1 de xaneiro do 2020, existirá unha cota de inscrición de 3 Euros. Nestes casos, e pasado o prazo de 24 horas de publicadas as inscricións, calquera baixa non xustificada levará consigo a perda da cota de inscrición correspondente.

Art.8) A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o/a atleta, previamente inscrito/a non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito/a, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA (direcciontecnica@atletismo.gal) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6 euros por atleta con datos falsos)
- Se non realiza a inscrición no prazo estipulado, deberá aboar 3 euros de recargo. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do director técnico, en función das características da proba onde se desexe inscribir o/a atleta, podendo ser esta denegada.

Art.9) Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e I.A.A.F. (W.A)

A Coruña, 3 de xaneiro de 2020



Carlos Castro Vicente
Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo